Linguaxe de transformacións de documentos XML

Sumario

- 1 Introdución a XSLT
- 2 Linguaxes XSL
- 3 Navegadores XSLT
- 4 Transformacións XSLT
    - 4.1 Declaración da folla de estilo XSL
    - 4.2 O documento XML de exemplo
    - 4.3 Creación dunha folla de estilos XSL
    - 4.4 Enlace á folla de estilo XSL dende o arquivo XML
- 5 Elemento <xsl:template>
- 6 Elemento <xsl:value-of>
- 7 Elemento <xsl:for-each>
    - 7.1 Filtrando a saída
- 8 Elemento <xsl:sort>
- 9 Elemento <xsl:if>
- 10 Elemento <xsl:choose>
- 11 Elemento <xsl:apply-templates>

Introdución a XSLT

XSL son as siglas de *EXtenxible Stylesheet Language*, e é unha linguaxe de follas de estilos para os documentos XML.

XSLT quere dicir *XSL Transformations* e é a linguaxe que empregaremos para transformar documentos XML noutros formatos como XHTML.

Co XSLT poderemos engadir/eliminar elementos e atributos dun arquivo orixe XML ou ben no arquivo que obteñamos na saída. Tamén poderíamos reorganizar os elementos, avaliar campos, ocultar elementos, etc.

XSLT é unha recomendación do W3C dende o 16 de novembro de 1999.

Linguaxes XSL

A transformación de arquivos XML noutros formatos comezou co emprego de XSL e terminou con XSLT, XPath e XSL-FO.

Poderíamos dicir que XSL é ao XML o que as follas de estilo CSS son ao HTML.

XSL = Style Sheets para XML

Por tanto, XSL describe como vai ser amosado o documento XML.

O XSL é máis que unha linguaxe de folla de estilos. O XSL consiste en tres partes:

- XSLT - a linguaxe para transformar documentos XML
- XPath - a linguaxe para navegar nos documentos XML
- XSL-FO - a linguaxe para formatar documentos XML

Navegadores XSLT

A maior parte dos navegadores teñen soporte para XML e XSLT.

- **Mozilla Firefox**: Firefox soporta XML, XSLT, e XPath dende a versión 3.
- **Internet Explorer**: Internet Explorer soporta XML, XSLT, e XPath dende a version 6. Internet Explorer 5 non é compatible coa recomendación oficial W3C.
- **Google Chrome**: Chrome soporta XML, XSLT, e XPath dende a versión 1.
- **Opera**: Opera soporta XML, XSLT, e XPath dende a version 9. Opera 8 soporta soamente XML + CSS.
- **Apple Safari**: Safari soporta XML e XSLT dende a versión 3.

Transformacións XSLT

Neste apartado imos transformar un arquivo XML nun XHTML empregando XSLT. Os detalles do exemplo serán explicados máis adiante.

Declaración da folla de estilo XSL

O elemento raíz que declara que o documento vai ser unha folla de estilos XSL é **<xsl:stylesheet>** ou **<xsl:transform>**. Poderemos empregar calquera das dúas declaracións .

A forma de declarar o arquivo segundo a recomendación da W3C é:

```
<xsl:stylesheet version="1.0" xmlns:xsl="http://www.w3.org/1999/XSL/Transform">
```

ou

```
<xsl:transform version="1.0" xmlns:xsl="http://www.w3.org/1999/XSL/Transform">
```

Para ter acceso aos elementos XSLT, atributos e características deberemos declarar o namespace ao principio do documento.

A declaración **xmlns:xsl="http://www.w3.org/1999/XSL/Transform"** apunta directamente ao XSLT namespace oficial do W3C. Si empregamos este namespace deberemos incluír o atributo **version="1.0"**.

O documento XML de exemplo

Queremos transformar o seguinte documento XML ("cdcatalog.xml") nun arquivo XHTML:

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1"?>
<catalog>
  <cd>
    <title>Empire Burlesque</title>
    <artist>Bob Dylan</artist>
    <country>USA</country>
    <company>Columbia</company>
    <price>10.90</price>
    <year>1985</year>
  </cd>
.
.
</catalog>
```

Descargar aquivo orixinal "cdcatalog.xml"

Creación dunha folla de estilos XSL

Agora imos crear unha folla XSL ("cdcatalog.xsl") cun modelo de transformación:

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1"?>

<xsl:stylesheet version="1.0" xmlns:xsl="http://www.w3.org/1999/XSL/Transform">

<xsl:template match="/">
  <html>
  <body>
  <h2>My CD Collection</h2>
  <table border="1">
    <tr bgcolor="#9acd32">
      <th>Title</th>
      <th>Artist</th>
    </tr>
    <xsl:for-each select="catalog/cd">
    <tr>
      <td><xsl:value-of select="title"/></td>
      <td><xsl:value-of select="artist"/></td>
    </tr>
    </xsl:for-each>
  </table>
```

```
  </body>
  </html>
</xsl:template>

</xsl:stylesheet>
```

Descargar o arquivo **cdcatalog.xsl** completo

Enlace á folla de estilo XSL dende o arquivo XML

Para referenciar a folla de estilos XSL ao documento XML faremos:

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1"?>
<?xml-stylesheet type="text/xsl" href="cdcatalog.xsl"?>
<catalog>
  <cd>
    <title>Empire Burlesque</title>
    <artist>Bob Dylan</artist>
    <country>USA</country>
    <company>Columbia</company>
    <price>10.90</price>
    <year>1985</year>
  </cd>
.
.
</catalog>
```

Descarga os dous arquivos o .xml e o .xsl

Elemento <xsl:template>

O elemento **<xsl:template>** é usado para construír modelos.

O atributo **match** úsase para asociar o modelo co elemento XML. O atributo match pode ser usado para definir un modelo para o documento XML.

O valor do atributo match é unha expresión XPath (por exemplo match="/" define o documento completo).

Unha versión simplificada do arquivo XSL anterior pode ser:

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1"?>
<xsl:stylesheet version="1.0"  xmlns:xsl="http://www.w3.org/1999/XSL/Transform">

<xsl:template match="/">
  <html>
  <body>
  <h2>My CD Collection</h2>
  <table border="1">
    <tr bgcolor="#9acd32">
      <th>Title</th>
      <th>Artist</th>
    </tr>
    <tr>
      <td>.</td>
      <td>.</td>
    </tr>
  </table>
  </body>
  </html>
</xsl:template>

</xsl:stylesheet>
```

Explicación do Exemplo:

Xa que unha folla XSL é tamén un documento XML, terá que comezar sempre coa declaración XML: **<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1"?>**

O seguinte elemento, **<xsl:stylesheet>** define que este documento é unha folla XSLT (co seu número de versión e atributo namespace).

O elemento **<xsl:template>** define un modelo. O atributo **match="/"** asocia o modelo co elemento raíz do documento XML.

O contido dentro do elemento **<xsl:template>** define o contido HTML que se escribirá na saída.

As dúas derradeiras liñas definen o fin do modelo e o fin da folla de estilos.

O resultado do exemplo anterior é un pouco frustrante xa que non copiamos ningún dato dende o arquivo XML á saída. No seguinte apartado veremos como empregar o elemento **xsl:value-of** para seleccionar valores dos elementos XML.

Elemento <xsl:value-of>

O elemento <xsl:value-of> emprégase para extraer os valores dun nodo determinado do arquivo XML, e enviar eses valores á saída transformados:

Exemplo:

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1"?>
<xsl:stylesheet version="1.0"  xmlns:xsl="http://www.w3.org/1999/XSL/Transform">

<xsl:template match="/">
  <html>
  <body>
  <h2>My CD Collection</h2>
  <table border="1">
    <tr bgcolor="#9acd32">
      <th>Title</th>
      <th>Artist</th>
    </tr>
    <tr>
      <td><xsl:value-of select="catalog/cd/title"/></td>
      <td><xsl:value-of select="catalog/cd/artist"/></td>
    </tr>
  </table>
  </body>
  </html>
</xsl:template>

</xsl:stylesheet>
```

Nota: O atributo **select** do exemplo anterior, contén unha expresión XPath. Esa expresión XPath selecciona os elementos title e artist respectivamente.

Pero no caso anterior soamente seleccionou o primeiro elemento title e artist do arquivo XML. No seguinte apartado veremos como recorrer todo o arquivo XML e amosar todos os rexistros que faltan empregando o elemento **<xsl:for-each>**.

Elemento <xsl:for-each>

O elemento **<xsl:for-each>** permítenos facer bucles no XSLT. Este elemento pode ser usado para seleccionar cada un dos elementos dentro dun conxunto especificado.

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1"?>
<xsl:stylesheet version="1.0" xmlns:xsl="http://www.w3.org/1999/XSL/Transform">

<xsl:template match="/">
  <html>
  <body>
  <h2>My CD Collection</h2>
  <table border="1">
    <tr bgcolor="#9acd32">
      <th>Title</th>
      <th>Artist</th>
    </tr>
    <xsl:for-each select="catalog/cd">
    <tr>
      <td><xsl:value-of select="title"/></td>
      <td><xsl:value-of select="artist"/></td>
    </tr>
    </xsl:for-each>
```

```
  </table>
  </body>
  </html>
</xsl:template>

</xsl:stylesheet>
```

Nota: O valor do atributo select é unha expresión XPath. A expresión XPath funciona como un sistema típico de arquivos dun sistema operativo.

Filtrando a saída

Podemos filtrar a saída dende o arquivo XML engadindo un criterio ó atributo select no elemento <xsl:for-each>.

<xsl:for-each select="catalog/cd[artist='Bob Dylan']">

Operadores dispoñibles nos filtros:

- = igual
- != distinto
- < menor que
- > maior que

Exemplo anterior cun filtro:

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1"?>
<xsl:stylesheet version="1.0"  xmlns:xsl="http://www.w3.org/1999/XSL/Transform">

<xsl:template match="/">
  <html>
  <body>
  <h2>My CD Collection</h2>
  <table border="1">
    <tr bgcolor="#9acd32">
      <th>Title</th>
      <th>Artist</th>
    </tr>
    <xsl:for-each select="catalog/cd[artist='Bob Dylan']">
    <tr>
      <td><xsl:value-of select="title"/></td>
      <td><xsl:value-of select="artist"/></td>
    </tr>
    </xsl:for-each>
  </table>
  </body>
  </html>
</xsl:template>

</xsl:stylesheet>
```

Elemento <xsl:sort>

O elemento <xsl:sort> emprégase para ordenar a saída.

Simplemente teremos que engadir o elemento **<xsl:sort>** dentro de cada elemento <xsl:for-each> no arquivo XSL:

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1"?>
<xsl:stylesheet version="1.0"  xmlns:xsl="http://www.w3.org/1999/XSL/Transform">

<xsl:template match="/">
  <html>
  <body>
  <h2>My CD Collection</h2>
  <table border="1">
    <tr bgcolor="#9acd32">
      <th>Title</th>
      <th>Artist</th>
    </tr>
    <xsl:for-each select="catalog/cd">
```

```
      <xsl:sort select="artist"/>
      <tr>
        <td><xsl:value-of select="title"/></td>
        <td><xsl:value-of select="artist"/></td>
      </tr>
    </xsl:for-each>
  </table>
  </body>
  </html>
</xsl:template>

</xsl:stylesheet>
```

Nota: O atributo **select** indica que elemento XML temos que ordenar.

Elemento <xsl:if>

O elemento **<xsl:if>** emprégase para crear unha condición a avaliar no contido XML.

A sintaxe é a seguinte:

```
<xsl:if test="expresion">
  ... saída cando a expresión é verdadeira ...
</xsl:if>
```

Para engadir unha condición, teremos que engadir o elemento <xsl:if> dentro do elemento <xsl:for-each> no arquivo XSL.

Exemplo:

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1"?>
<xsl:stylesheet version="1.0"  xmlns:xsl="http://www.w3.org/1999/XSL/Transform">

<xsl:template match="/">
  <html>
  <body>
  <h2>My CD Collection</h2>
  <table border="1">
    <tr bgcolor="#9acd32">
      <th>Title</th>
      <th>Artist</th>
    </tr>
    <xsl:for-each select="catalog/cd">
      <xsl:if test="price &gt; 10">
        <tr>
          <td><xsl:value-of select="title"/></td>
          <td><xsl:value-of select="artist"/></td>
        </tr>
      </xsl:if>
    </xsl:for-each>
  </table>
  </body>
  </html>
</xsl:template>

</xsl:stylesheet>
```

Nota: O valor do atributo obrigatorio **test** contén a expresión que queremos avaliar.

O código anterior amosará o elemento título e artista dos CD que teñen un prezo maior que 10.

Elemento <xsl:choose>

O elemento **<xsl:choose>** emprégase xunto con **<xsl:when>** e **<xsl:otherwise>** para expresar condicións múltiples.

Sintaxe:

```
<xsl:choose>
```

```
  <xsl:when test="expression">
    ... some output ...
  </xsl:when>
  <xsl:otherwise>
    ... some output ....
  </xsl:otherwise>
</xsl:choose>
```

Para avaliar condicións múltiples no arquivo XML, engadiremos os elementos <xsl:choose>, <xsl:when> e <xsl:otherwise> no arquivo XSL:

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1"?>
<xsl:stylesheet version="1.0"
xmlns:xsl="http://www.w3.org/1999/XSL/Transform">

<xsl:template match="/">
  <html>
  <body>
  <h2>My CD Collection</h2>
  <table border="1">
    <tr bgcolor="#9acd32">
      <th>Title</th>
      <th>Artist</th>
    </tr>
    <xsl:for-each select="catalog/cd">
    <tr>
      <td><xsl:value-of select="title"/></td>
      <xsl:choose>
        <xsl:when test="price &gt; 10">
          <td bgcolor="#ff00ff">
          <xsl:value-of select="artist"/></td>
        </xsl:when>
        <xsl:otherwise>
          <td><xsl:value-of select="artist"/></td>
        </xsl:otherwise>
      </xsl:choose>
    </tr>
    </xsl:for-each>
  </table>
  </body>
  </html>
</xsl:template>

</xsl:stylesheet>
```

O código anterior engadirá unha cor rosa de fondo á columna do Artista cando o prezo do CD sexa maior que 10.

Outro exemplo:

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1"?>
<xsl:stylesheet version="1.0"
xmlns:xsl="http://www.w3.org/1999/XSL/Transform">

<xsl:template match="/">
  <html>
  <body>
  <h2>My CD Collection</h2>
  <table border="1">
    <tr bgcolor="#9acd32">
      <th>Title</th>
      <th>Artist</th>
    </tr>
    <xsl:for-each select="catalog/cd">
    <tr>
      <td><xsl:value-of select="title"/></td>
      <xsl:choose>
        <xsl:when test="price &gt; 10">
          <td bgcolor="#ff00ff">
          <xsl:value-of select="artist"/></td>
        </xsl:when>
        <xsl:when test="price &gt; 9">
          <td bgcolor="#cccccc">
          <xsl:value-of select="artist"/></td>
```

```
        </xsl:when>
        <xsl:otherwise>
          <td><xsl:value-of select="artist"/></td>
        </xsl:otherwise>
      </xsl:choose>
    </tr>
    </xsl:for-each>
  </table>
  </body>
  </html>
</xsl:template>

</xsl:stylesheet>
```

O código anterior engadirá unha color rosa de fondo á columna do Artista cando o prezo do CD é maior que 10 e unha cor gris de fondo cando o prezo do CD é maior que 9 e menor ou igual a 10.

Elemento <xsl:apply-templates>

O elemento **<xsl:apply-templates>** aplica un modelo ao elemento actual ou aos nodos elementos fillos do actual.

Se engadimos un atributo select ao elemento <xsl:apply-templates> procesará soamente o elemento fillo que coincida co valor do atributo. Podemos usar un atributo select para especificar a orde na cal serán procesados os nodos fillos.

Observa o seguinte exemplo:

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1"?>
<xsl:stylesheet version="1.0"
xmlns:xsl="http://www.w3.org/1999/XSL/Transform">

<xsl:template match="/">
  <html>
  <body>
  <h2>My CD Collection</h2>
  <xsl:apply-templates/>
  </body>
  </html>
</xsl:template>

<xsl:template match="cd">
  <p>
  <xsl:apply-templates select="title"/>
  <xsl:apply-templates select="artist"/>
  </p>
</xsl:template>

<xsl:template match="title">
  Title: <span style="color:#ff0000">
  <xsl:value-of select="."/></span>
  <br />
</xsl:template>

<xsl:template match="artist">
  Artist: <span style="color:#00ff00">
  <xsl:value-of select="."/></span>
  <br />
</xsl:template>

</xsl:stylesheet>
```